

CCR/Ra/Ms

Data Rexistro: **05/05/2022 12:35:12**
Nº Rexistro: **2022000393****SAIDA**

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 29 de abril de 2022, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas polo Sr. Deputado Don Ángel Manuel Rodal Almuíña:

13.7792.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sra. Presidenta.- No punto 13. Rogos e preguntas.

...

Sra. Presidenta.-... ¿Algún rogo ou pregunta mais?

Sr. Rodal Almuíña.- Bos días. Simplemente era comentar que, este rogo é que a través do Plan Concello de 2016 creouse en Baiona o primer balneario “O Talaso” con auga do mar municipal totalmente gratuito, estivo en funcionamento no verano do 2019 e ata o da agora está abandonado sin funcionar, entón quería que a Deputación de Pontevedra xa que ese balneario fíxose cos cartos dos pontevedreses e co orzamento da Deputación mediase e supervisase para que volvease a funcionar. Tamén quería dicir que xa fixen esa petición a esta Deputación no verano de 2020 e non houbo contestación pola Deputación de Pontevedra. Gracias.

Sra. Presidenta.- Evidentemente, nin houbo nin vai haber porque nós respectamos a autonomía local, eso é unha cuestión exclusivamente municipal, e home xa o que nos faltaba era que os debates dos concellos tamén os trasladáramos aquí, e que a Deputación de Pontevedra agora vaia a ter como competencia esixirille aos concellos cuestións que son da súa competencia. Non o facemos con ningún, cos do PP tampouco, Sr. Rodal, así que abandone a idea de que nós imos a involucrarnos en cuestións que son competencia dos concellos, faltaría mais que tiveramos tan pouca falta de respecto ós concellos. Ben, rematado todos os asuntos da orde do día se levanta o Pleno, non, non se levanta a sesión.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D. Ángel Manuel Rodal Almuíña.- Presidencia.- Vicepresidencia.- Servizo de Cooperación.- Paula Fernández Pena (Presidencia).- Central.-

Pleno ordinario 29-abril-2022

1

